



**CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A MOBILIDADE CON FINS DOCENTES DO PDI E DO PAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+ (STA E/OU CON FINS DE FORMACIÓN) A PAÍSES ASOCIADOS: ALXERIA, ARMENIA, AZERBAIJÁN, BOSNIA-HERZEGOVINA, CAMBODIA, EXIPTO XORDANIA, KAZAJISTAN, KÓSOVO, MARROCOS, MOLDAVIA, XEORXIA, MONTENEGRO, ALBANIA, UCRANIA, CABO VERDE. (ERASMUS+ ACCIÓN KA-107/KA-171)**

**Curso 2022/23**

No marco do programa Erasmus+ (Acción KA-107-KA-171) a Universidade da Coruña foi beneficiaria dunha subvención finalista do devandito programa co obxectivo de financiar estancias de mobilidade de estudantes e de persoal a Alxeria, Armenia, Azerbaixán, Bosnia-Herzegovina, Cambodia, Exipto, Xordania, Kazajistan, Kósovo, Marrocos, Moldavia Xeorxia, Montenegro, Ucraña, Albania, Cabo Verde durante o curso 2022/23.

Para a selección do persoal docente que se beneficiarán destas bolsas con fins de docencia e/o formación, a UDC publica a presente convocatoria cuxos condicionantes se basean nos proxectos Erasmus+ 2020-1-ES01-KA107-080818 e Erasmus+ 2022-1-ES01-KA171-HED-000079144

**1. OBXECTIVO**

O obxectivo desta convocatoria é a selección de persoal docente para participar en mobilidades con fins docentes no curso 2022/23 nas prazas ofertadas no marco das accións KA107 e KA171 do programa Erasmus+, en Alxeria, Armenia, Azerbaixán, Bosnia-Herzegovina, Cambodia, Exipto Xordania, Kazajistan, Kósovo, Marrocos, Moldavia Xeorxia, Montenegro, Ucraña, Albania, Cabo Verde.

**2. OFERTA DE PRAZAS**

**Adxudicaránse primeiro as prazas do proxecto 20**

| País               | Institución de destino | Número de prazas | Duración total (días)                | Centros |
|--------------------|------------------------|------------------|--------------------------------------|---------|
| <b>PROXECTO 20</b> |                        |                  |                                      |         |
| <b>Argelia</b>     | Universite Setif 2     | 2 STT            | 7 días<br>(5 actividad<br>+ 2 viaxe) | TODOS   |

|                           |                                                                                                                                                                              |                 |                                   |                                                                                                                          |
|---------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|-----------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                           |                                                                                                                                                                              |                 |                                   |                                                                                                                          |
| <b>Armenia</b>            | <ul style="list-style-type: none"> <li>American University of Armenia</li> <li>Yerevan State University</li> <li>National Polytechnic of Armenia</li> </ul>                  | 2<br>(STT/ST A) | 7 días<br>(5 actividad + 2 viaje) | TODOS/<br>Informática                                                                                                    |
| <b>Azerbaiján</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>Azerbaijan Architecture and Construction University</li> <li>Azerbaijan Cooperation University</li> </ul>                             | 2<br>(STT/STA ) | 7 días<br>(5 actividad + 2 viaje) | Arquitectura Técnica<br>TODOS                                                                                            |
| <b>Camboya</b>            | <ul style="list-style-type: none"> <li>Pañāsāstra University of Camboya</li> <li>Bolyno International Group Co Ltd</li> </ul>                                                | 2 STA           | 7 días<br>(5 actividad + 2 viaje) | Arquitectura técnica                                                                                                     |
| <b>Exipto</b>             | Pharos University                                                                                                                                                            | 1<br>(STA/STT ) | 7 días<br>(5 actividad + 2 viaje) | TODOS                                                                                                                    |
|                           |                                                                                                                                                                              |                 |                                   | Informática                                                                                                              |
|                           |                                                                                                                                                                              |                 |                                   | TODOS                                                                                                                    |
| <b>Montenegro</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>University of Montenegro</li> <li>Univerzitet Mediteran Podgorica Privatna Ustanova</li> <li>University of Donja Gorica</li> </ul>    | 2<br>(STT/STA ) | 7 días<br>(5 actividad + 2 viaje) | <ul style="list-style-type: none"> <li>Naútica, Turismo, Economía y Empresa</li> <li>Turismo</li> <li>Turismo</li> </ul> |
| <b>Bosnia-Herzegovina</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>International University of Sarajevo</li> <li>International Burch University</li> </ul>                                               | 3<br>(STA/STT ) | 7 días<br>(5 actividad + 2 viaje) | TODOS                                                                                                                    |
| <b>Georgia</b>            | <ul style="list-style-type: none"> <li>Ivane Javakhishvili Tbilisi State University</li> <li>Caucasus University Ltd.</li> <li>Business and Technology University</li> </ul> | 4<br>(STT/STA ) | 7 días<br>(5 actividad + 2 viaje) | TODOS                                                                                                                    |
| <b>Xordania</b>           | <ul style="list-style-type: none"> <li>Middle East Univ.</li> <li>University of Jordan</li> </ul>                                                                            | 2<br>(STT/STA ) | 7 días<br>(5 actividad + 2 viaje) | <ul style="list-style-type: none"> <li>Biología, Química</li> <li>TODOS</li> </ul>                                       |
| <b>Kosovo</b>             | Universum College                                                                                                                                                            | 3 STT           | 7 días<br>(5 actividad + 2 viaje) | TODOS                                                                                                                    |

| Marrocos                                                                                                                                       | Université Mohammed V de Rabat                                                                                                                                                      | 1 STT            | 7 días<br>(5 actividad<br>+ 2 viaje) | Todos                          |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|--------------------------------------|--------------------------------|
| Moldavia                                                                                                                                       | <ul style="list-style-type: none"> <li>Universitatea de Stat 'Alecu Russo' din Balti</li> <li>Free International University of Moldova</li> <li>Moldova State University</li> </ul> | 3 STT            | 7 días<br>(5 actividad<br>+ 2 viaje) | TODOS                          |
| Kazajistán                                                                                                                                     | A.Baitursynov Kostanay State University                                                                                                                                             | 2 STT            | 7 días<br>(5 actividad<br>+ 2 viaje) | TODOS                          |
| Más información sobre esta oferta de plazas en <a href="https://udc.moveonfr.com/publisher/3/spa">https://udc.moveonfr.com/publisher/3/spa</a> |                                                                                                                                                                                     |                  |                                      |                                |
| PROYECTO 22                                                                                                                                    |                                                                                                                                                                                     |                  |                                      |                                |
| País                                                                                                                                           | Institución de destino                                                                                                                                                              | Número de plazas | Duración total (días)                | Centros                        |
| Armenia                                                                                                                                        | American University of Armenia Foundation<br>Yerevan State University<br>National Plytechnic University of Armenia Foundation                                                       | 4<br>(STA/STT)   | 7 días<br>(5 actividad<br>+ 2 viaje) | Informática                    |
|                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                     |                  |                                      | Ciencias/Filología/<br>Dereito |
|                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                     |                  |                                      | Todos                          |
| Azerbaijan                                                                                                                                     | Baku High Oil School<br>Azerbaijan Architecture and Construction University<br>Azerbaijan Cooperation University                                                                    | 4<br>(STA/STT)   | 7 días<br>(5 actividad<br>+ 2 viaje) | Todos                          |
|                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                     |                  |                                      | Arquitectura                   |
|                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                     |                  |                                      | Turismo/Económicas             |
| Georgia                                                                                                                                        | Ivane Javakhishvili Tbilisi University<br>Caucasus University LTD<br>Business and Technology University LLC                                                                         | 4<br>(STA/STT)   | 7 días<br>(5 actividad<br>+ 2 viaje) | Ciencias/Derecho               |
|                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                     |                  |                                      | Todos                          |
|                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                     |                  |                                      | Económicas                     |
| Moldavia                                                                                                                                       | Alec Russo Balti State University<br>Universitatea De Stat Din Moldova<br>Univer ibera Internat Moldova<br>Inst.de Invatamint Sup.Privata                                           | 4<br>(STA/STT)   | 7 días<br>(5 actividad<br>+ 2 viaje) | Todos                          |
|                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                     |                  |                                      | Dereito/Filología              |
|                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                     |                  |                                      | Informática                    |
| Ucrania                                                                                                                                        | V.N.Karazin Kharkiv National University<br>National University of Ostroh Academy<br>Nat. Tech Univ. of Ukraine Igor Sik. Polyth Institute                                           | 4<br>(STA/STT)   | 7 días<br>(5 actividad<br>+ 2 viaje) | Económicas                     |
|                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                     |                  |                                      | Todos                          |
|                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                     |                  |                                      | Dereito                        |

|                        |                                                                             |                      |                                      |                                             |
|------------------------|-----------------------------------------------------------------------------|----------------------|--------------------------------------|---------------------------------------------|
| Albania                | Canadian Institute of Technology<br>Polytechnic University of Tirana        | 4<br>(STA/STT)       | 7 días<br>(5 actividad<br>+ 2 viaje) | Informática/Económicas                      |
|                        |                                                                             |                      |                                      | Arquitectura                                |
| Bosnia and Herzegovina | Visokoskolska Ustanova Inter.Burc<br>Internacionalni Univerzitet u Sarajevu | Univ. 4<br>(STA/STT) | 7 días<br>(5 actividad<br>+ 2 viaje) | Filoloxía/Arquitectura/Económicas           |
|                        |                                                                             |                      |                                      | Filoloxía/Arquitectura/Ciencias/Informática |
| Kosovo                 | Kolegji Universum OP                                                        | 4<br>(STA/STT)       | 7 días<br>(5 actividad<br>+ 2 viaje) | Todos                                       |
| Montenegro             | Univ. Donja Gorica Podgorica                                                | 4<br>(STA/STT)       | 7 días<br>(5 actividad<br>+ 2 viaje) | Turismo                                     |
|                        | Univ. Mediteran Podgorica<br>Privatna Ustanova                              |                      |                                      | Todos                                       |
|                        | Javna Ustanova Univerzitet Crne<br>Gore Podgorica                           |                      |                                      | Todos                                       |
| Cabo Verde             | Universidade de Cabo Verde                                                  | 2<br>(STA/STT)       | 7 días<br>(5 actividad<br>+ 2 viaje) | Todos                                       |

Se adjudicarán primero las plazas del Proyecto 20.

Máis información sobre esta oferta de prazas en <https://udc.moveonfr.com/publisher/3/spa>

### 3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

O persoal deberá:

1. Pertencer a algunha das categorías de persoal con dedicación docente ou formar parte do cadro do persoal administrativo. **Será responsabilidade do candidato informar de calquera modificación sobre a súa relación laboral coa UDC antes do inicio da mobilidade. Tamén poderán optar a estas bolsas os profesores eméritos ou os contratados con cargo ao capítulo VI para estancias formativas. O persoal con cargo ao capítulo I terá preferencia sobre os contratados polo capítulo VI.**
2. Solicitar a mobilidade a través do portal electrónico correspondente, presentando o acordo de mobilidade de persoal (segundo o modelo do anexo II, ou Anexo III) no que se inclúa o **programa de docencia/formación coa indicación dos días e horas de docencia aprobado polo centro de destino cun mínimo de 35 días naturais de antelación á data de inicio previsto da mobilidade. Será responsabilidade do**

profesor/persoal establecer o contacto cos profesores ou administradores do centro de destino para acordar as datas de visita e o programa de docencia.

3. Presentar **obrigatoriamente antes do inicio da súa mobilidade** copia por correo electrónico dunha **póliza de seguro sanitaria** con cobertura durante o período de mobilidade: #de acordo con o convenio de subvención asinado pola Universidade da Coruña co Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) no marco do Programa Erasmus +, o beneficiario asegurase de que vos participantes en actividades de mobilidade no estranxeiro contan cunha cobertura de seguro.

#### 4. DURACIÓN E REQUISITOS DA ESTADÍA

1. A duración da actividade é de cinco (5) días consecutivos de docencia e/o formación.
2. O persoal deberá impartir e certificar, polo menos, **oito horas de clase ou de formación por semana**.
3. A docencia/formación deberá reflectirse nun programa acordado entre o persoal que vai realizar a estancia e o contacto ao que se dirixa no centro de acollida, e deberá estar enmarcado, preferentemente, como actividade académica principal ou complementaria, na organización de titulacións oficiais do centro de acollida.
4. A actividade realizarase obrigatoriamente antes do 30 de xuño de 2023.

#### 5. CONDICIONS ECONÓMICAS E IMPORTE DAS BOLSAS

-Esta convocatoria para STA finánciase con achegas da Comisión Europea segundo o Convenio de Subvención 2020-1-ES01-KA107-080818 e 2022-1-ES01-KA171-HED-000079144 e con cargo á aplicación orzamentaria – 0800E72025.422D.48100, por importe total de 19.160,00 €, sen prexuízo de que este importe poida ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria e 0800E72025.422D.48200 por un importe inicial de 6740,00 €, sen prexuízo de que este importe poida ser incrementado en función da dispoñibilidade orzamentaria para mobilidades de PAS. Terá prioridade o persoal do Cap I con respecto ao persoal do capítulo VI

1. A mobilidade Erasmus+ con fins de docencia poderase conceder con ou sen bolsa. As mobilidades sen bolsas denomínanse “Bolsa cero”.
2. As mobilidades STA/STT con bolsas concederanse mediante a aplicación dos criterios de selección indicados no apartado 7, ata esgotar os fondos dispoñibles. Financiaranse como máximo cinco días de actividade e dous días de viaxe, á marxe de cal sexa a duración total da estancia.
3. A bolsa consiste nunha contribución para cubrir parte dos gastos de viaxe, aloxamento e manutención e, por tanto, non está suxeita a retencións do IRPF.
4. Existen bolsas complementarias para beneficiarios con algunha discapacidade física ou necesidade especial.

## Importe das bolsas

As condicións económicas en que se ofertan as prazas polos programas aos que se refire a presente convocatoria son as seguintes:

- Alxeria e Marrocos: terán dereito a unha bolsa individual de 180 euros por día de docencia, ata un máximo de 5 días de docencia financiados e a mesma cantidade por día de viaxe ata un máximo de 2 días de viaxe financiados, e unha bolsa de viaxe de 275 euros
- Albania, Bosnia-Herzegovina, Kósovo, Moldavia e Montenegro: terán dereito a unha bolsa individual de 180 euros por día de actividade, ata un máximo de 5 días de actividade financiados e a mesma cantidade por día de viaxe ata un máximo de 2 días de viaxe financiados, e unha bolsa de viaxe de 360 euros.
- Exipto: terán dereito a unha bolsa individual de 180 euros por día de docencia, ata un máximo de 5 días de docencia financiados e a mesma cantidade por día de viaxe ata un máximo de 2 días de viaxe financiados, e unha bolsa de viaxe de 530 euros
- Armenia, Azerbaiján, Xeorxia, Kazajistán, Ucraia e Xordania terán dereito a unha bolsa individual de 180 euros por día de actividade, ata un máximo de 5 días de docencia financiados e a mesma cantidade por día de viaxe ata un máximo de 2 días de viaxe financiados, e unha bolsa de viaxe de 820 euros.
- Cambodia: terán dereito a unha bolsa individual de 180 euros por día de actividade, ata un máximo de 5 días de actividade financiados e a mesma cantidade por día de viaxe ata un máximo de 2 días de viaxe financiados, e unha bolsa de viaxe de 1500 euros.
- Cabo Verde: terán dereito a unha bolsa individual de 180 euros por día de actividade, ata un máximo de 5 días de actividade financiados e a mesma cantidade por día de viaxe ata un máximo de 2 días de viaxe financiados, e unha bolsa de viaxe de 530 euros

## Participantes con necesidades especiais

Unha persoa con necesidades especiais é un participante potencial cuxa situación física, psíquica ou sensorial é tal que a súa participación nunha actividade de mobilidade non sería posible sen unha bolsa superior ou adicional. Para acceder ás bolsas establecidas no Programa Erasmus+ para as persoas con necesidades especiais no ámbito da educación superior, os participantes deberán ter recoñecida e cualificada legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por 100, así como cumprir co resto dos criterios de elixibilidade establecidos no programa.

Máis información sobre como solicitar estas bolsas para persoas con necesidades especiais na ligazón:

[https://www.udc.es/gl/ori/inf\\_estudiantes\\_UDC/mobilidade\\_Erasmus/necesidades\\_especiais/](https://www.udc.es/gl/ori/inf_estudiantes_UDC/mobilidade_Erasmus/necesidades_especiais/)

## 6. PAGAMENTO E DEVOLUCIÓN DAS BOLSAS

1. O pago das bolsas farase por transferencia bancaria. O 80% do importe da bolsa comezase a tramitar no momento da firma do convenio financeiro. O pago do 20% restante comezase a tramitar unha vez xustificada a estancia real no centro de destino, de conformidade co indicado no apartado 11.
2. No caso de non cumprir total ou parcialmente coa mobilidade ou coas obrigacións previstas, deberase reintegrar o importe recibido total ou parcialmente, segundo corresponda.
3. Dentro do marco do programa Erasmus +, as circunstancias de forza maior non se consideran como causa que xustifique non reintegrar o importe total da subvención asignada no caso de que non se realice a mobilidade. As circunstancias de forza maior serán "Situacións ou acontecementos imprevisibles e excepcionais alleos á vontade dos participantes que non se debe a un erro ou unha negligencia pola súa banda, e que ocorren durante a mobilidade". No caso de que o membro do persoal non puidese completar as actividades previstas por causas de forza maior, este reembolso non se esixirá de forma inmediata. Estes casos serán comunicados inmediatamente polo participante á ORI, que seguidamente, notificará ao SEPIE e quedarán suxeitos á aceptación por escrito da Axencia Nacional.
4. Se a mobilidade asignouse ao candidato polo feito de ter máis días ou horas de docencia/formación no seu plan de traballo que outros candidatos concorrentes, o beneficiario da bolsa terá que devolvela na súa totalidade no caso de que finalmente non acredite a realización das actividades (días e/o horas) ás que se comprometeu.

## 7. CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección entre os candidatos que soliciten bolsa para realizar a súa mobilidade Erasmus+ con fins docentes farase entre **os candidatos que teñan un programa de actividades (segundo o modelo do anexo II) aprobado polo centro de destino cun mínimo de 35 días naturais de antelación ao comezo da estancia prevista.**

A selección farase cos seguintes criterios:

### A) CRITERIOS DE EXCLUSIÓN:

Só se concederá financiamento para unha mobilidade de persoal con fins docentes/formativos no marco dos programas Erasmus+ KA107, Erasmus+ KA171 cada curso académico. Excepcionalmente, poderá concederse unha segunda ou sucesivas mobilidades con financiamento se na resolución previa ao mes en que terá lugar dita segunda ou sucesivas mobilidades quedasen aínda fondos para financiar as bolsas adicionais solicitadas. Ningún solicitante dunha segunda ou sucesiva mobilidade poderá obter fondos con cargo ao programa Erasmus+ cando deba decidirse na mesma resolución sobre a súa solicitude e a doutra persoa que non obtivese financiamento nese mesmo ano académico.

As mobilidades Erasmus+ para persoal con fins docentes e de formación tamén son incompatibles nun mesmo ano académico. No caso de ter solicitado os dous tipos de

bolsa, daráselle prioridade á mobilidade con fins docentes sempre que ambas as solicitudes teñan que decidirse na mesma resolución.

## **B) CRITERIOS DE PRIORIDADE (POR ORDE XERÁRQUICA):**

